

Política de Calidade

En **SARAIVA** somos conscientes da importancia de garantir un servizo de **calidade** á hora de satisfacer as necesidades das persoas usuarias e as súas familias durante a realización das actividades de atención nos nosos Centros de día, o servizo de Axuda a Domicilio e as Unidades de Terapia Especializadas.

Por esta razón levouse a cabo a implantación dun **Sistema de Xestión de Calidade**, eficaz e adecuado ás necesidades de usuarios e familias co fin de obter a súa plena satisfacción como resultado da prestación duns servizos de calidade.

Deste xeito se promoverá o concepto de calidade na empresa, sendo obxectivo en **SARAIVA** **facер as cousas ben á primeira**, independentemente da tarefa que se realice e converténdose nunha tarefa colectiva na cal debe implicarse toda a empresa.

Directorio de servizos de **SARAIVA**:



Vivendas con servizos



Aloxamento residencial



Centro de día



Axuda a domicilio



*Unidade de Memoria



*Unidade de Fracturas



*Unidade de Alzheimer



*Unidade Oncolóxica



*Unidade de Coidados Paliativos



Unidade de Vida Activa



Aula de formación



Escola infantil



As **directrices xerais** que se establecen son as seguintes:

- /** Prestar servizos as persoas usuarias coa mellor calidade, acorde cos requisitos e especificacións establecidas e co compromiso permanente do cumprimento da lexislación e normativa vixente aplicable.
- /** Establecer unha sistemática documentada para asegurar a calidade dos servizos prestados.
- /** Implantar na Organización a mellora continua.
- /** Detectar os servizos defectuosos e eliminar as causas que os orixinan.
- /** Realizar formación continua a todos os empregados da organización, co fin de mellorar a calidade dos servizos prestados.
- /** Analizar permanentemente a información, tanto propia como a solicitada polas persoas usuarias, para previr posibles erros, así como mellorar a prestación dos servizos.
- /** Asumir o compromiso de cumprir os requisitos que **SARAIVA** subscriba coas partes interesadas.
- /** Establecer obxectivos alcanzables e coherentes coa Política de Calidade cuxo fin sexa definir a dirección na que se deben orientar os esforzos de **SARAIVA**.
- /** Integrar aos nosos provedores e subcontratistas no compromiso activo de mellóra das condicións de traballo.

O Sistema de Xestión de Calidade foi elaborado e ha de ser mantido de forma que se traballe sobre a prevención dos defectos, máis que sobre a súa corrección.



A eficacia e aplicación do Sistema de Xestión de SARAIVA, é responsabilidade directa da súa Dirección. No seu nome e representación, nomeouse un Responsable de Calidade, quen supervisará a implantación, desenvolvemento e mantemento do Sistema de Xestión de Calidade, evaluando a súa adecuación e aplicación correcta, que ha de posuír a suficiente autoridade para intervir na empresa para comprobar a implantación do Sistema, identificando problemas, verificando a súa eficacia e coordinando as actividades con influencia na calidade dos servizos.

Toda persoa da organización cuxa actividade poida directa ou indirectamente verse afectada polos requisitos descritos no Manual de Calidade está obrigada ao cumprimento estrito dos mesmos.

A Dirección de SARAIVA (SACENDI S.L.), comprométese a desenvolver as directrices que, en materia de calidade, fíxanse no Manual de Calidade, así como á revisión periódica do contido da Política para garantir a súa adecuación ás necesidades da organización.

Para asegurar que todo o persoal coñece, comprende e aplica esta política, esta é difundida mediante exposición en paneles. Tamén está a disposición do público.

A handwritten signature in purple ink, consisting of several overlapping loops and lines.

01/03/2016
Lucía Saborido Piñeiro
Directora de servizos SARAIVA (SACENDI S.L.)